



NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE ESTUDO DA REFORMA DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA.

I

Obxecto, composición e duración

Artigo 1

A Comisión créase co obxecto de estudar a reforma do Estatuto de Autonomía

Artigo 2

A Comisión está integrada por quince membros coa seguinte distribución: sete deputados do Grupo Parlamentario Popular, cinco deputados do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia – PSOE e tres deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Artigo 3

A Comisión créase para a concreta función prevista no artigo 1 e extinguirase ao remate do labor encomendado e, en todo caso, ao concluír a Lexislatura.

II

Organización, competencias e funcións

Artigo 4

A Comisión elixe de entre os seus membros unha Mesa, composta por un/unha presidente/a, vicepresidente/a e un/unha secretario/a. A Mesa ten as competencias xenéricas establecidas no Regulamento e as específicas previstas nestas normas.

Artigo 5

A Mesa, como órgano de dirección e impulso das actividades da Comisión, exerce as seguintes funcións:

- a) Recompilar toda a información e documentación imprescindible para realizar a tarefa encomendada.
- b) Organizar as actividades que se consideren necesarias para dotar á Comisión de todo tipo de información de interese para cumprir o seu labor.
- c) Preparar os documentos que deban ser sometidos á deliberación da Comisión.



- d) Proponerlle á Comisión, para a súa aprobación, un plan de traballo, unha vez presentadas as propostas polos grupos parlamentarios, no que se recolla a documentación, as colaboracións, comparecencias, entrevistas e asesoramento que, no seu caso, se requira.
- e) Executar os acordos que tome a Comisión.
- f) Aquelas que en calquera momento lle asigne a Comisión.

Artigo 6

As comparecencias terán lugar na Comisión co réxime de publicidade previsto no artigo 70 do Regulamento do Parlamento.

III

Funcionamento

Artigo 7

A Comisión será convocada polo/a seu/súa presidente/a, de acordo coa presidenta do Parlamento, por iniciativa propia ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da Comisión.

Artigo 8

A Comisión e a súa Mesa entenderanse validamente constituídas cando asistan a metade máis un dos seus membros. Os acordos adoptaranse por maioría simple.

Artigo 9

A Comisión poderá reunirse en sesión extraordinaria nos períodos non ordinarios de sesións,. A convocatoria e a fixación da orde do día das sesións extraordinarias autorizaranse por acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces .



IV

Medios de acción

Artigo 10

A Comisión poderá exercer as facultades previstas no artigo 44.1 do Regulamento da Cámara. Estas facultades, atribuídas á Comisión no seu conxunto, poderán delegarse na súa Mesa, ao abeiro do disposto na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1996.

Artigo 11

A Comisión aprobará un plan de traballo no que figurará o calendario xeral de actividades.

V

Ponencia conxunta

Artigo 12

A Comisión nomeará unha Ponencia conxunta, co obxecto de que redacte o texto da proposición de lei de reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia nos termos previstos no artigo 128, en relación co artigo 126.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Os servizos da Cámara redactarán un informe no que se conteñan os artigos sobre os que exista acordo. Naqueles outros respecto aos que os ponentes manifesten o seu desacordo ou reserva, a súa motivación reflectirase de xeito sumario.

Artigo 13

A Ponencia conxunta, de composición paritaria, está integrada por nove membros, tres por cada grupo parlamentario, e un ponente suplente máis por cada grupo parlamentario.

Artigo 14

A Ponencia conxunta enténdese validamente constituída cando asistan a metade máis un dos seus membros. Os acordos adoptaranse aplicando o criterio do voto ponderado.

Artigo 15

1. A Ponencia conxunta aprobará por maioría un plan de traballo.
2. A Ponencia conxunta está facultada para, excepcionalmente, recabar a opinión de persoas que, pola súa cualificación ou experiencia, poidan facer achega ao labor de elaboración do texto articulado da proposición de lei.



Artigo 16

O texto articulado da proposición de lei elaborado pola ponencia conxunta someterase a debate na Comisión, cunha rolda de intervencións de cada un dos grupos parlamentarios para a fixación da súa posición e unha rolda de réplica.

VI

Tramitación da iniciativa lexislativa

Artigo 17

A proposición de lei asinada polos portavoces dos tres grupos parlamentarios e rexistrada, se someterá á consideración da Cámara na sesión plenaria que determinen os órganos competentes.

De non existir acordo na súa sinatura, de conformidade co disposto no artigo 56 do Estatuto de Autonomía de Galicia, unha quinta parte dos membros da Cámara poderá presentar unha proposición de lei que conteña a súa iniciativa de reforma do Estatuto.

Disposición derradeira

En todo o non previsto nestas normas aplicarase supletoriamente o regulamento do Parlamento de Galicia.